



CONCELLO
DE LÃNCARA



*CPJ Ramón Piñeiro
Lãncara*

A VOZ DA ESCOLA

RAPILÁN



PRINCIPIO E FIN

Ao chegar, todo estaba silencioso na explanada de fóra.

Parei a mirar dende alí o edificio amplo e ben conservado. Só se escoitaban os grilos e as carricantas naquel día solleiro de finais do mes de xuño.

Baixei as escaleiras da entrada co meu vestido de flores brancas e azuis.

Abrín a porta do colexio e atopeime con D. Jaime.

- Bos días, eu son a nova mestra de inglés...

Empezaba a debuxarse o círculo que se completaría con outro.

- Bos días Natalie, esta é a túa nova clase...

Aquela mañá non sabía eu que estaba abrindo as portas da miña casa, a que me acolleu e me axudou a medrar como persoa e como docente.

Nestes 24 anos entrando e saíndo foise tecendo unha rede de vivencias e relacións inesquecibles e duradeiras na miña memoria.

Esta casa sempre tivo as portas e as ventás abertas para acollernos cada día con alegría e deixarnos empapar coa vida que bulía dentro.

Ocupada con centos de persoas que subimos e baixamos escaleiras que conectan estancias e pensamentos, aquí todos temos un sitio... pero tamén un apoio e unha man amiga que tira de nós cando nos quedamos atrás.

É o espazo onde atopamos resposta á nosa curiosidade, e a moitas das nosas inquiredanzas porque as persoas que aquí conviven fomentan en nós, unhas veces sabendo e outras sen decatarse, o respecto e a admiración polo mundo exterior e interior que nos rodea.

Seguro que esta casa seguirá dando e recollendo sementes de VIDA moitos anos máis.

Grazas de corazón a todas e todos os que me acompañastes nesta travesía e fixestes que chegase a bon porto.

Rita Castedo Meilán


Directora do CPI Ramón Piñeiro durante nove anos e xubilada este curso 2108-19

ÍNDICE

NESTA REVISTA QUE TEDES NAS VOSAS MANS...

AMOSAREMOS AOS NOSOS ALUMNOS/AS	1
VEREMOS COMA OS DE INFANTIL APRENDEN XOGANDO	7
LEEREMOS MOITAS ARGALLADAS DOS DE PRIMARIA	21
FLIPAREMOS COS TRABALLOS DOS DA ESO	47
ENTREVISTAREMOS A XENTE "IMPORTANTE"	57
PASAREMOS O TEMPO	67
RECORDAREMOS O FESTEIROS QUE SOMOS	75
CONTAREMOS VIAXES INESQUECIBLES	87
E POR SUPOSTO, DESPEDIREMOS AOS COMPIS DE 4º DE ESO	101

**AMOSAREMOS
AOS NÓSOS
ALUMNOS/AS**



INEANTIL



3 ANOS



4 ANOS



5 ANOS

PRIMARIA

1° PRIMARIA



2° PRIMARIA



3° PRIMARIA



PRIMARIA

4° PRIMARIA



5° PRIMARIA

6° PRIMARIA



ESO



1º ESO



2º ESO

ESO



3º ESO



4º ESO

**VEREMOS
COMA OS DE
INEANTIL
APRENDEN
XOGANDO**



OS NENOS E NENAS DE 3 ANOS:



XOGAMOS
COA AREA



TRABALLAMOS



PUBLICIDADE

FRUTAS Y VERDURAS

ANI

Benigno Quiroga, 37 - Bajo
Tif. 699 347 348
27360
Puebla de San Julián - Lugo



PARTICIPAMOS NAS ACTIVIDADES DO COLE





RELAXÁMONOS



DISFRUTAMOS

PUBLICIDADE

Tu tienda de ropa

Chic@

Benigno Quiroga, 42 Bajo

Puebla de San Julián (Lugo)

DEGLÁ

Síguenos en facebook 

Tu tienda de ropa

Chic@

Benigno Quiroga, 42 Bajo

Puebla de San Julián (Lugo)

PixelOrbit

OS NENOS E NENAS DE 4 ANOS:

Estudamos os animais mariños e puidemos ver como son os polbos.
Despois fixemos un con un tubo de papel hixiénico.



OS NENOS E NENAS DE 5 ANOS:

Facendo o indio.



Loitando con dragóns

Na Idade Media



Copiaban libros

Infantil
5 anos



Damas e cabaleiros



vivían en castelos

Montaban a cabalo



Litaban contra dragóns



A COVA DE POBRAMIRA

A NOSA COVA

Durante os dous últimos trimestres do curso a zona de infantil converteuse nunha espectacular cova prehistórica. Unha espectacular montaxe onde as mestras de infantil traballaron arreo para que os máis cativos viviran unha experiencia inesquecible !!



Os contos cóntanse na cova á carón do lume

Os nenos da ESO viñeron aprender cousas da prehistoria á nosa cova



PUBLICIDADE

Supermercado
carnicería
Cerviño

Puebla de San Julián
Tel 982 54 30 13

Supermercados
COVIRAN

Visitounos o dono do museo da pedra de O Incio



Facemos vasillas prehistóricas



Os nenos/as de infantil descubriron que había un mamut no noso cole



Visita ó museo de Lugo

PUBLICIDADE

Foto **BANDE** Librería

Interior view of a bookstore with shelves of books and a counter.

RESERVA DE LIBROS DE TEXTO PARA TODOS OS CURSOS
Teléf. 982 54 30 83
Poboa S. Xiao (Láncara) Lugo

ENTROIDO EDUCACIÓN INFANTIL





PUBLICIDADE

CLÍNICA PODOLÓGICA
maitelópezalonso

C/ Rosalía de Castro 3, Entlo A
Puebla de San Julián - Lugo. Tel. 982 543 978
C/ Calvo Sotelo, 64 Bajo - SARRIA. Tel. 646 011 978

PODOLOGÍA - FISIOTERAPIA - OSTEOPATÍA

- Tratamiento de uña encarnada y cirugía
- Quiropodia (eliminación de callosidades, clavos, durezas...)
- Tratamiento de papiloma o verruga plantar
- Podobarometría - estudio informático de la pisada (tratamiento pie plano, fascitis plantar, espón calcáneo, dismetrias, metatarsalgias...)

CLÍNICA PODOLÓGICA

**LEEREMOS
MOITAS
ARGALLADAS
DOS DE
PRIMARIA**



MOITO TRABALLAMOS

Nenos e nenas 1º de Primaria



Chegamos a Primeiro e traballamos todos para decorar a nosa aula ao mesmo tempo que aprendemos.



Estas son as nosas portas das estacións.



Aquí aparecen algún dos murais que fixemos para a aula.



Montamos un "lapbook" con todo o que aprendemos sobre os animais vertebrados.



Tamén aprendemos a reciclar xa que é moi importante coidar o noso entorno.



OBRADOIRO DE XABÓNS

Nenos e nenas 1º e 2º de Primaria



Os nenos e nenas de primeiro e segundo aprendemos a facer xabóns perfumados coas profes Carmen e Nuria.



Isto está chupado!



Van quedar moi "chulos"!



DÍA DA ÁRBORE

Nenos e nenas de 1º e 2º de Primaria

*Celebramos o Día da árbore
plantando un ameneiro no patio do
noso colexio.*



Uff! Menos mal! Xa
pensei que non o
dábamos plantado!
Agora regalo para
que medre.



Viñeron a vernos Os Bolechas



OS MURAIIS DE 1º E 2º

Nenos e nenas 1º e 2º de Primaria



LENDO O QUIXOTE

Nenos e nenas 1º e 2º de Primaria



FOMOS DE VISITA!

Nenos e nenas 1º e 2º de Primaria

*Ao longo do o curso fixéronse dúas saídas.
Unha ao Museo Provincial de Lugo e outra
ao Castelo de San Paio de Narla.*



*No castelo de San Paio de Narla ata nos
atopamos con cabaleiros e bruxas.*



ADIVIÑAS

Nenos e nenas 2º de Primaria

Adiviñas - 2º E.P.

1. É un animal pequeno que vive no mar.

2. Temo as pantas grandes e as pantas pequenas, aneladas, peladas e outras pantas entre as rochas.

3. As augas calmas decora con unha linda cor, alla para con as moitas e de familia cinto moitas.

4. Son verde, gustase saltar, légase moito, e tamén crece. Que son?

5. Un bicho pequeno voa entre as flores e tamén as de moitas cores.

6. Unha mancha castaña e as colinas, apaga os lumes e os fornos.

7. Vivo na ciria, e na sea tamén. Teño a cor da gande.



Adiviñas - 3º E.P.

1. Que alimento será o que leva con este, e que din que está máis feo, e o máis quente está?

2. Son amarelo por dentro, teño duma a coración, pórvenme unha cesta e alimento un moito.

3. Son branca como a neve e do tempo o mel e eu. Alago os pastos e o bicho co café.

4. Ata min as augas chegan e fan min as lanchas e as. Como unha moita touca de auga calza a planeta.

5. Costuma andar de lado para coas un secidade, e co tempo se oclan máis e máis a planta.

6. É un bicho que vive no mar e no río, e tamén no lago, e tamén no río.



Adiviñas - 2º E.P.

que na mundo pida habes!

Solucións:

1. mar
2. ovo
3. escuma
4. ovos
5. oriz
6. cana
7. abelha
8. cana
9. cana
10. cana
11. cana
12. cana



AS NOSAS COUSAS...



Nenos e nenas 3º de Primaria.



OS NÓSOS PROXECTOS

Alumnos e alumnas 4º de Primaria

Viaxamos a Idade Media



Creamos...



PUBLICIDADE


Comercial Veterinaria


Agrosalud

33558793-E

Av. Benigno Quiroga n°10
Puebla de San Julián, Luncara, 27360

boticaagrosalud.nair@hotmail.com

 608-784-154

 Agrosalud.Comercial.Veterinaria




Xeometría divertida



PUBLICIDADE



Experimentamos!



CREANDO HISTORIAS

Alumnos e alumnas de 4º de E.P.

As aventuras do cabaleiro Serlando

O cabaleiro Serlando vivía no reino Piñeiro, que levaba moitos anos gozando de paz, tranquilidade e prosperidade, pero agora achégase un gran perigo as súas fronteiras, o mago malvado Ulio, o seu dragón vermello Chamarada e un poderoso exército avanzaban cara as súas fronteiras. Xa pasaran por outros reinos que quedaron totalmente destruídos e en Piñeiro estaban aterrorizados.

Pero Serlando pensaba que todos xuntos poderían derrotalos e para iso precisaba xuntar a todos os cabaleiros do reino. O rei convocounos e reuníronse no salón do trono do castelo.

Discutiron durante horas sen saber que facer e, agotados, tomaron un descanso para pensar.

Serlando paseaba polo xardín reflexionando e sentiu que lle tiraban da manga do xubón. Cando mirou viu un neno e una nena que o observaban cuns ollos moi abertos.

—Que queredes nenos?— preguntou Serlando.

—Nosoutros sabemos como vencer a Ulio e ao seu dragón.

O cabaleiro quedou mirando para eles e dixo:

—Non digades parvadas!

O neno mirouno cos seus fermosos ollos verdes e Serlando por un momento pensou que podía ser verdade.

A nena falou moi baixiño:

—Sabemos o que dicimos xa que somos os netos de Lauren.

O cabaleiro lembrou que Lauren fora una meiga branca que durante moitos anos protexera ao reino antes de desaparecer, así que sentiu que no seu corazón renacía a esperanza.

Levounos cara a un banco e sentouse con eles e preguntoulles:

—Que foi da vosa avoa?

—A nosa avoa —dixo a nena— viu o perigo que ía correr o reino e decidiu viaxar ao pasado para

pedirlle axuda a un mago moi poderoso que moi poucos coñecen.

—Que mago? —preguntou Serlando.

—Linmer, o irmán descoñecido de Merlín.

—Pero Merlín non tiña irmáns —obxectou o cabaleiro.

—Si que tiña, pero Linmer permanecerá oculto ata o momento oportuno.

—E cando será iso? —dixo Serlando.

Pronto —respondeu a nena— Confía en nós.

—Confiar en vós? —exclamou o cabaleiro— Se non sei nin como vos chamades.

—Eu son Elmo e a niña irmá é Mariliam.

—Agora xa creo o que me dices, porque Lauren sempre me dixo que si chegaba a ter netos poríalles eses nomes.

—Ben —falou Elmo— Agora tes que prepararte para facer con nós unha extraordinaria viaxe. Dille ao rei o que pasa e pídelle que garde o segredo; é moi importante que Ulio non se entere e ten espías por todos lados.

Os nenos e o cabaleiro quedaron citados a medianoite na cabana que Lauren empregaba para gardar as herbas e remedios que preparaba, porque ninguén se atrevía a ir alí, xa que estaba no medio do bosque Misterioso, chamado así porque se entrabas nel nunca sabías que podía pasar.

Serlando dirixiuse ao salón do trono para falar co rei. Atopouno só e pediulle entrevistarse en segredo con el. Os dous foron á cámara do tesouro, xa que alí ninguén podía escoitalos.

O rei sentiu que podía haber unha saída, xa que Lauren era moi poderosa e sabia.

Ofreceulle a Serlando os tres mellores cabalos das súas cortes: Voz, Pensamento e Raio e tamén lle permitiu levar a espada Burlicaex, o arco Indómito e a daga Flamígea.

Serlando saíu as agachadas do castelo e foi á cita.

Tivo un pouco de medo ao adentrarse no bosque Misterioso e pareceulle que alguén o seguía. Escondeuse detrás duns fermosos carballos e viu dous homes que seguían as súas pegadas. Os perseguidores dubidaron á hora de entrar no bosque, pero tiñan que seguir adiante.

Serlando observounos e quedou abraiado cando ao pasar ambos diante dunhas rochas desapareceron e entón recordou que Lauren lle comentara que nese bosque só tiñan dificultades as persoas que entraban nel con malas intencións.

Seguiu camiñando ata chegar á cabana onde atopou os nenos.

Inmediatamente Voz achegouse a Mariliam e Pensamento a Elmo, os cabalos deciron con quen ían viaxar.

Tamén as armas tomaron a mesma decisión, o arco foi para a man da nena e a daga para a do neno.

Descansaron ata o amencer.

Durante tres días viaxaron polo bosque sen contratempo e pronto chegaron a terreo descuberto. De súpeto foron atacados por un bo grupo de guerreiros. As armas empezaron a relucir e sen darse conta os tres sabían loitar dunha forma sorprendente e os cabalos tamén colaboraron.

Tras horas de loita derrotaron aos inimigos, pero Serlando foi ferido nunha perna e empezou a perder enerxía. Elmo deuse conta, axudoulle a subir ao cabalo e buscaron refuxio nunha cova que estaba oculta detrás dunhas pedras e alí Mariliam fíxolle as curas tal e como lle ensinara a súa avoa.

Ao día seguinte o cabaleiro xa podía seguir, recuperárase bastante e continuaron viaxando ata a noite. Non se atreveron a encender lume para que non os descubrisen.

Para poder descansar Elmo fixo un feitizo de invisibilidade e, gracias a el, estiveron a salvo, xa que un grupo que os perseguía pasou preto deles sen velos.

Pola mañá continuaron a viaxe ata atopar unha árbore estraña, que parecía cambiar de cor cada pouco. Mariliam recoñeceu e dixo que alí debían agardar a Lauren e que non corrían ningún perigo por estar rodeados de maxia branca.

Ao pouco de chegar apareceron Lauren e Linmer e tras saudarse empezaron a planear o que ían facer.

Linmer trasladounos ao pazo mediante un feitizo. Ao chegar viron que estaban rodeados por un gran exército e que o dragón lanzaba ataques continuos.

Linmer e Serlando, protexidos polo escudo máxico do segundo, subiron á torre da homenaxe e o mago, suxeitando a súa vara de poder conseguiu desarmar a Ulio, que cabalgaba ao dragón. A pedra de poder do malvado voou ata a vara de Linmer por ser un anaco que lle roubara cando era o seu aprendiz.

Ao quedar desarmado Ulio, Chamarada viuse libre e recoñeceu ao seu amo Linmer e volveu a ser un dragón pacífico. O exército inimigo fuxiu.

Despois das celebracións da vitoria, Linmer e Chamarada volveron a desaparecer ata o momento en que sexan de novo necesarios. Serlando, Lauren e os nenos foron recompensados polo rei. Ulio foi encerrado nos calabozos e no reino Piñeiro volveu a paz.



LEMBRANDO A RAMÓN PIÑEIRO



O curso pasado, Infantil, Primaria e ESO iniciáronse na metodoloxía baseada na aprendizaxe por proxectos, de maneira que os nenos traballasen en grupo e desenvolvesen o seu espírito crítico, entre outras moitas habilidades. Aquí o lembramos:



3 anos (PORTADA REVISTA GRIAL)



4 anos (PORTADA DUN LIBRO)



5 anos (PORTADA DUN LIBRO)



1º primaria (RETRATO DE PIÑEIRO)



4º primaria (Información da súa vida)




4º primaria (Entrevista a Aníbal, irmán)

TRABALLOS DE 5º

Alumnos e alumnas 5º de Primaria.


Decoración da porta coas estacións



OUTONO



NADAL



INVERNO +
DÍA DA PAZ



PRIMAVERA

Saídas e visitas do curso



"Mates no super" (Eroski)




Visita ao Muncyt (A Coruña)



Prevención de incencios
(Visita dos bombeiros)

Celebracións no cole



Teatro de sombras (Nadal)



Os pintores

CONMEMORACIÓN NA AULA DE 5º

Alumnos e alumnas 5º de Primaria.

Algunhas das CONMEMORACIÓN celebradas na aula de 5º de EP son as seguintes:



Mensaxes en contra da violencia de xénero (20 novembro)

Tarxetas de reflexión sobre o amor e a amizade (14 de febreiro)



Análise da prensa sobre a muller (8 de marzo)



Flores con lemas sobre a lectura (23 de abril)



EXPERIMENTOS CIENTÍFICOS

Alumnos e alumnas 5º de Primaria.

Os alumnos de 5º de Educación Primaria participaron no programa CLUB DE CIENCIA realizando experimentos científicos sinxelos en colaboración co alumnado de 4º de EP e 4º da ESO.




ELABORACIÓN DE XABÓNS



BEBIDA ISOTÓNICA CASEIRA



DETERMINACIÓN DO GRUPO SANGUÍNEO EN DOCENTES E OBSERVACIÓN DO ALUMNADO



OBSERVACIÓN DO COLORANTE M&M&



OBSERVACIÓN PESO E VOLUME DE OBTETOS



PRESENZA DE AMIDÓN NA "CARNE"



TRABALLANDO A DESCRIPCIÓN

Alumnos e alumnas 5º de Primaria.

EL LOBO

El lobo es un animal vertebrado que vive en las montañas. Duerme en cuevas y es carnívoro. Tiene hocico, orejas puntiagudas y es muy peludo; además es mamífero.

Tiene garras afiladas que usa para cazar, excavar y encontrar comida debajo de la tierra como los conejos. También tiene increíbles dientes y colmillos afilados que usa para cazar, comer y defenderse. Estos animales son verdaderamente feroces y, a veces, muy agresivos.

Son terrestres, pero en algunas ocasiones, se les ha visto nadar.

Por la noche aúllan bajo la luz de luna, comunicándose con otros lobos de diferentes lugares.

Estos animales tan maravillosos viven en manadas, en las cuáles normalmente gobierna el



macho alfa, que es el jefe. Él y otros machos más se encargan de cazar y llevar comida a la manada.

Para finalizar, me gustaría indicar alguna curiosidad de ellos. Hace miles de años fueron domesticados por el ser humano, a veces bajan a los pueblos porque intentan robar comida cuando no la encuentran en el bosque. Además, cuando las hembras tienen crías se vuelven muy protectoras y hacer daño a sus lobeznos sería un grave error.

LA LECHUZA

El animal que voy a describir es la lechuza común.

Las lechuzas se pueden encontrar en todos los continentes y suelen situarse en construcciones, en ruinas o azoteas de casonas antiguas.

Cazan durante la noche y al caer el amanecer se van a descansar.

Suelen vivir alrededor de 15 años aproximadamente.

Tienen un rostro muy elegante y curioso con forma de corazón formada por unas pequeñas plumas blancas y plateadas.

Tienen una curiosa cabeza tan flexible que la pueden girar 270 grados sin mover una pluma. Sus ojos son grandes y muy bonitos, sensibles a la luz. La luz de la luna les sirve para orientarse por la noche.

Sus orejas son dos orificios ocultos por las plumas que, aunque parezca mentira, le permite incluso oír los pasos de un ratón a 100 metros de distancia. Sus patas tienen cuatro garras y son tan fuertes que pueden agarrar a sus presas y matarlas.

Están integrados en el grupo de los vertebrados, es decir, que tienen huesos y columna vertebral.



Además, forman parte del reino de las aves y tiene como primos al búho real, mochuelo común, búho nival y el cánaba lapón, entre otros.

Se alimentan de insectos, roedores o aves más pequeñas que ellas, ya que por lo general son carnívoras. Se reproducen mediante huevos, es decir son ovíparos.

Aparte de toda la información anterior, me gustaría indicar como curiosidad, que las lechuzas tras engullir a sus presas expulsan una bola llamada egagropila, que contiene los desechos que no han podido engullir.

(Alumnos de 5º de Primaria, manexando as novas tecnoloxías e traballando a composición escrita)

AS MULLERES NO DEPORTE

Alumnos e alumnas de 6º de Primaria.

O alumnado de sexto de Primaria queremos destacar o papel das mulleres no deporte, xa que normalmente non se lles da nin o mérito nin a publicidade que merecen!!



FÚTBOL: Verónica Boquete (Santiago de Compostela).

ATLETISMO: Aurora Villa (Madrid).

BOXEO: Esther Paez (Barcelona).

RUGBY: Patricia García (Madrid)

KUNG FU: María José Martínez (Murcia).

BADMINTON: Beatriz Corrales (Madrid).

TIRO CON ARCO: Gema Butron (Galicia).

BALONMANO: Marta Mangué (Canarias).

PIRAGÜISMO: Maialen Chourrant (Guipúzcoa).

PATINAJE ARTÍSTICO: Sonia Lafuente (Canarias).

GOLF: Azahara Muñoz (Córdoba).

MOTOCROSS: Mabel González (Mallorca).

NATACIÓN: Melani Felicitas Costa (Mallorca).

TENIS: Garbiñe Muguruza (España).

BALONCESTO: Amaya Valdemoro (Madrid).

RALLY: Michelle Mouton (Francia).

ALPINISMO: Chus Lago (Vigo).

PADEL: Alejandra Salazar (Madrid).

CICLISMO: Alicia González (Asturias).

SURE: Melanea Suárez (Canarias).



* Hai moitas máis deportistas que deberiamos mencionar aquí, pero non contamos con tanto espazo *

PUBLICIDADE

PULPERIA SUSANA E JAVIER

Susana: 660 031 240

Javier: 606 531 017

Banquetes a domicilio

FEIRAS

2-17 PUEBLA

3-19 BECERREA

6-20-27 SARRIA

10-25 PÁRAMO

15-29/30 NADELA

28 TRIACASTELA



O MUNDO DA ROBÓTICA

Os alumn@s de 6º de Primaria, coa axuda do mestre Benjamín, iniciáronse no mundo da robótica. Coñeceron o manexo básico dos programas Scratch e M_bot, montaron os kits de robótica, probaron os programas predefinidos de fábrica e programaron accións básicas. Unha experiencia innovadora e moi enriquecedora. O resultado é maxestuoso!!





PUBLICIDADE

EDITA
PELUQUERIA SOLARIUM
Río Neira, 4 bajo C
Puebla de San Julián
982 54 34 10
679 86 75 73



EDITA
PELUQUERIA SOLARIUM
Río Neira, 4 bajo C
Puebla de San Julián
982 54 34 10
679 86 75 73

OS ALUMN@S DE SEXTO DE PRIMARIA FACEMOS “UN PUNTO E SEGUIDO”

Hoxe é un día triste e alegre á vez para nós, os alumnos e alumnas de sexto. Por un lado, rematamos unha etapa moi importante e por outro estamos emocionados por embarcarnos nunha nova andadura (ESO) con novos mestres e compañeiros, que confiamos sexa igual de intensa e emocionante que a Educación Primaria.

Queremos aproveitar a revista escolar para darlle as grazas a todos os mestres que, ademais de ensinarnos moitas cousas, sempre tiveron un xesto ou unha palabra de cariño, transmitíndonos un sentimento de convivencia e respecto entre nós. Gustaríanos facer unha mención especial a Rita, que esperamos non se esqueza de nós, xa que fomos os seus últimos alumn@s.


Confiamos en que todos estes anos aquí nos axuden a construír o noso futuro e que, aínda que seguramente escolleremos camiños diferentes, sempre levaremos na nosa memoria os bos momentos que pasamos xuntos. Encantaríanos que os mestres que tivemos nos lembren con cariño, igual que o faremos nós!

Isto non é un adeus, senon un ATA PRONTO!!





**ELIPAREMOS
COS
TRABALLOS
DOS DA ESO**



“HISTORIA DE UNA FLOR”

Alumnos e alumnas de Bioloxía de 1º ESO.



A HISTORIA DUNHA CIENTÍFICA ESQUECIDA.

“Historia de una flor” é unha novela histórica ambientada no século XIX. Escrita por Claudia Casanova (Barcelona, 1974), está inspirada na vida da primeira botánica española, Blanca Catalán de Ocón, descubridora dunha flor nos campos de Teruel que foi bautizada co seu nome, a *Saxifraga blanca*. O nome desta flor significa en latín “que



brotas das pedras”, unha metáfora preciosa da loita da protagonista contra as restricións da súa época.

No século XIX, as mulleres estaban destinadas a casar, ser boas esposas, ter fillos e coidar do fogar. As figuras das grandes mulleres da historia son completamente descoñecidas para moitos, a pesar de seren cruciais, por exemplo, no avance da ciencia. A escritora, na súa novela retrata os obstáculos que impuxo a sociedade de mediados do século XIX ás mulleres que querían desenvolver unha carreira científica



Blanca Catalán de Ocón (1860-1904), naceu en Zaragoza, foi educada no seo dunha familia aristocrática que pasaba temporadas en Valdecabriel na Serra de Albarracín en Teruel. A afección polas plantas xa lle viña da súa nai, que se esmerou en que as súas fillas recibiran unha boa educación e tivesen intereses intelectuais. Na súa época non se lles permitía ás mulleres estudar nas aulas universitarias. Con todo, Blanca e a súa irmá estudaron de forma autodidacta distintas profesións. Clotilde interesouse pola entomoloxía e a poesía. Blanca, pola natureza e a botánica. Estudou as plantas de xeito autodidacta, colaborou con diversos botánicos da época. É considerada a primeira botánica española, recoñecida como tal por un prestixioso botánico alemán, **Heinrich Moritz Willkomm** que tras coñecer os seus estudos sobre as plantas converteríase no seu valedor. O seu traballo quedou reflectido nos seus herbarios sobre a flora de Aragón

A escritora, Claudia Casanova, na ficción, converte a personaxe de Blanca en Alba e a flor que descubre pasa a denominarse *Saxifraga alba*. Un cambio que lle permitiu traballar con maior liberdade en



A pesar de todo Alba sempre pensa nas plantas, tanto que chova como que neve, algo impensable na súa época.

Non pode deixar de lado a botánica, cada vez que ve un espécime novo de flor teno que investigar, para ela non son simples plantas, se non que tamén son seres vivos.

Alba soubo que descubrira unha nova especie de Saxifraga, cando se parou a pensar coa compañía do seu amante, un botánico alemán chamado Heinrich Wilkomm, nunha planta que só medraba entre as pedras (Linneo xa escribira que só as saxifragas medran entre as rochas), esta planta foi bautizada na ficción como Saxifraga alba.

Alba, con medo ao matrimonio, está comprometida con quen non é o seu verdadeiro amor. Inda que vai casar con Ángel Ruíz, non renunciará ao que de verdade ama, a botánica e a Henrich Willkomm.

Na miña opinión é un libro interesante, fácil de ler, que engancha con moita facilidade. Un libro precioso!

termos de ficción, pese a que gran parte da historia que conta sucedera na realidade.

RESUMO E OPINIÓN SOBRE O LIBRO POR
CRISTINA FREIRE, 1º ESO BIOLOXÍA

Alba vive nunha época moi machista na que a muller ten que seguir o estereotipo que ditan os homes. O día que Alba chega a súa casa en Albaracín xa actúa libremente, sen ser unha "nena bonita" con corsé e refinada, xa que ser así impedíalle observar as plantas que chamaban a súa atención.



PUBLICIDADE



Comercial Castrelo

MAQUINARIA DE JARDÍN Y FORESTAL
982 543 224





C/ Río Neira, 6 bajo - Puebla de San Julián (Lugo)
Info@comercialcastrelo.com - www.comercialcastrelo.com

METEOTEMPO.GA

Alumnos e alumnas de 2º ESO



En METEOTempo Galicia o día 27 de xaneiro cumprimos un ano, un ano xunto a tí ofrecéndoche todo que puidemos. Dende METEOTempo cremos que este foi un ano ao 100% aínda que fose o primeiro (de moitos máis) pensamos que o fixemos o mellor que puidemos. E esperamos contar contigo para o próximo.

HISTORIA

Hai un ano un dos nosos creadores estaba sentado nun escritorio sen saber moi ben que facer, ocorreuselle crear unha páxina web como medio de divulgación do tempo e clima.

Máis tarde algúns compañeiros uníronse ao proxecto ata acadar arredor das 1000 visitas ao mes.

Cada vez crecemos máis. En abril do 2018 fomos trending toping en Galicia informando sobre unha gran tromba de auga na localidade de Láncara; máis tarde gañamos moitas visitas en outubro acercandote á información da gota fría na zona de Levante e Mallorca. En agosto do 18 nacemos nas principais redes sociais: Instagram, Facebook e Twitter. Chegando, por exemplo en Instagram, a máis de 600 seguidores. Agora participamos nun concurso no que, grazas ao noso queridísimo director (Carlos Carballo), conseguimos una das moi demandadas prazas, ata o punto de recoller datos para a gran MeteoGalicia. E aquí seguimos cada vez crecendo máis e acercándonos a tí.

Moitas Grazas por todo.

Entrevistamos a Xavier Fonseca Blanco, o famoso meteorólogo que traballa para A Voz de Galicia.

Sabemos que es periodista, máis concretamente, divulgador científico, en que consiste o teu traballo?

O meu traballo é bastante duro, xa que todos os días teño que facer unha noticia relacionada coa meteoroloxía ou coa ciencia, uns campos moi pequenos para ter que facer todos os días unha nova.

Chego ao traballo e busco unha noticia relacionada co tempo, ou tamén como o clima inflúe e influíu na historia.

Que experimentos ou ideas tes levado a cabo dos que estas especialmente satisfeito?

Empecei co tema de *Historias do Tempo*, que xa levo máis de 2.000 historias contadas máis un especial de Stephen Hawking sobre a teoría da relatividade, e fun a Alemaña a conferencias, do que estou moi orgulloso. Eu creo que nesta vida hai que ter iniciativa, é dicir, ninguén vai chamar á túa porta, tes que ir detrás dela. E iso é algo imprescindible, se che gusta iso vai por el.

Cres que o cambio climático vai acabar coa raza humana?

Que desaparezan todos os seres humanos non, iso só o pode facer un meteorito; isto vai ir moi lentamente, pero si creo que chegaremos ao colapso.

Se desexas ver a entrevista completa visita:

<https://meteotempogal.blogspot.com/2019/02/xavier-fonseca.html>

A Nosa Aplicación Mobil en edición Beta:

Descarga link:

<https://my.appyourself.net/ay/web/6f94db5e-42eb-476a-a1bb-a1c42c74a65d?simulator=true&lang=es&sent=true&appRandomId=6f94db5e-42eb-476a-a1bb-a1c42c74a65d>



Agardámoste en:

www.meteotempo.ga ou <https://meteotempogal.blogspot.com>

CINÉMATHEQUE

Ana Álvarez Liz y Uxía Pérez López de 4º ESO

TÍTULO ORIXINAL: Un sac de billes

DIRECTOR: Christian Duguay

PROTAGONISTAS: Dorian Le Clech, Batyste Fleurial, Patrick Bruel, Elsa Zylberstein, Christian Clavier, César Domboy, Ilian Bergala

NACIONALIDADE: Francesa

ANO: 2017

DURACIÓN: 108 minutos

XÉNERO: Drama | II Guerra Mundial. Nazismo. Holocausto. Familia

SINOPSE: Segunda Guerra Mundial. Maurice e Joseph son dous mozos irmáns xudeus que viven na Francia ocupada polos nazis. Para salvarse, deberán abandonar a súa familia. Facendo mostra dunha gran astucia, coraxe e inxenio para sortear aos invasores inimigos, os dous irmáns tentarán reunir a toda a súa familia de novo na zona libre do sur de Francia.

CRÍTICA PERSOAL: É unha historia que mostra a realidade de moitas familias desa época, transmitida pola tensión. A través do



desenvolvemento do filme, os protagonistas maduran e perden pouco a pouco a súa inocencia nese ambiente tan duro, cruel e hostil. Amor, engano, medo, melancolía, racismo... mestúranse de xeito maxistral para dar forma a esta película marabillosa.

PUBLICIDADE

Friolfe, 2 - O PÁRAMO (Lugo)
Tel: 648 19 59 89 (Chelo)

www.ganderiaquintian.com
info@ganderiaquintian.com

gandería
Quintián
O leite de sempre
www.ganderiaquintian.com

COMO COIDAMOS O MEDIO AMBIENTE OS ALUMNOS DE CULTURA CIENTÍFICA!

Alumnos e alumnas de 4º ESO de CULTURA CIENTÍFICA en colaboración con JUAN de Biología.

Desta volta, fixemos unha exposición sobre os plásticos para concienciarvos acerca do contaminantes e perigosos que son para a natureza. Para iso queremos lembrar o importante que é coñecer cada tipo de plástico, saber se se pode reciclar, reutilizar...

Mostrámosvos tamén a morea de cousas que se poden facer con botellas deste material reutilizado: vasoiras, petos, lapiseiros, cestas, macetas, palas... É doado, sinxelo e orixinal!

Imaxina que ocorrería se todo o mundo reutilizase os plásticos. Como melloraría o noso medio ambiente?

A que estás agardando para crear o teu propio obxecto realizado con plástico?

LO QUE TARDAN LOS PLÁSTICOS EN DESCOMPONERSE

	TEMPO APROXIMADO	EL MOMENTO QUE HICIE QUE SUCCEDIERA...
HILO DE PESCA	600 años	Colón llegó a América (1492)
BOTELLA	500 años	Nació Cervantes (1547)
CUBIERTOS	400 años	Galileo Galilei dijo: "La Tierra es redonda" (1610)
MECHERO	100 años	Se fundió el "Titanic" (1912)
VASO	65-75 años	Terminó la segunda guerra mundial (1945)
BOLSA	55 años	Llegó el hombre a la Luna (1969)
SUELA DE ZAPATO	10-20 años	Primer teléfono móvil con pantalla de color (2000)
COLELLA	1-5 años	Accidente de Fukushima (2011)
GLOBO	6 meses	Acuerdo del Clima de París (2015)

FUENTE: Greenpeace





EXTRAENDO O ADN

Alumnos e alumnas de 4º ESO de CULTURA CIENTÍFICA E BIOLOXÍA.

A práctica consistiu en extraer o ADN a partir de células epiteliais da boca. Unha práctica ben interesante !!!



PUBLICIDADE

Confitería Maceda

Especialidad en cañas y brazos de gitano

Maceda nº 4
O Corgo 27163 - Lugo
C. Comarcal 546 - Km 11
Tel: 982 543 081



A FAMILIA DO C.P.I. RAMÓN PIÑEIRO AUMENTA!

Alumnos/as de bioloxía 4º ESO. Texto: Uxía Pérez López de 4º ESO.

As alumnas e alumnos de Bioloxía de 4º ESO fixemos unha actividade moi interesante. Non o ides crer, pero emparellámonos entre nós e tivemos fillos! Así como volo conto!

Primeiro, a profesora de Bioloxía, Pilar, púxonos rapazas con rapaces. Como había máis nenas, as que quedaron libres puxéronse con cada unha das parellas que se formarían, como se fosen as madriñas.

Pois ben, cada un tiñamos unha ficha cos nosos cromosomas (estruturas celulares en forma de bastoncíño encargadas da herdanza). As rapazas pintaron os seus de verde e os rapaces, de vermello. Acto seguido, recortámoslos e dobrámoslos pola metade de xeito que en cada cromosoma había, por un lado, un alelo dominante e, polo outro un alelo recesivo. Debedes saber que o alelo é cada unha das alternativas que pode presentar un xene, por exemplo, o xene que determina a




forma do pelo ten dous posibles alelos (o que determina o pelo liso e o que fai que sexa rizado). Ademais, un alelo pode ser dominante (A) se se presenta aínda que o outro conteña información diferente, ou recesivo (a) se se manifesta só cando o outro é igual.

Unha vez que tiñamos os cromosomas preparados metémoslos nun sobre e despois baleirámoslos na mesa. Entón

dispuxémonos a pegalos nunha cartolina emparellando o feminino e o masculino que tiñan o mesmo número con coidado de que non se desen a volta.

Despois tocou determinar como ía ser o futuro descendente. En primeiro lugar miramos se era nena (tería dous cromosomas X) ou se era neno (tería un cromosoma X e outro Y). Case todas saíron rapazas!! A continuación fomos mirando as características da/o fill@ fixándonos nos alelos dos cromosomas que quedaran boca arriba. E así determinamos como sería a aparencia da xeración filial cando tivesen a nosa idade!

E temos que dicir que saíron todos fermosos!!



**ENTREVISTAREMOS
A XENTE
“IMPORTANTE”**



Entrevista

M^a CLARA SÚAREZ



M^a Clara Suárez foi mestra do CPI RAMON PIÑEIRO durante moitos anos xubilando o pasado curso 2017-18. O seu sorriso cariñoso a súa amabilidade a súa paciencia e a súa dedicación, tan necesarias todas elas para traballar cos máis peques do cole, segues presentes no noso colexio onde a miúdo ven visitarnos.

1- Por que decidiches ser mestra, e por que de Infantil?... coa lata que dan eses pequechos!

Foi unha cousa que sempre me gustou dende pequena, dende que fun á escola sempre xogaba a imitar a mestra. É un mundo que se consigues conectar con el tamén dalgunha maneira te atrapa e despois gústache traballar con esas idades.

2- Normalmente cada profe ten tras de si unha longa andaina percorrendo coles antes de chegar ao centro onde finalmente se retira. Cal foi o teu percorrido profesional?

O primeiro destino foi no colexio público da Anexa de Lugo, logo o colexio público de Chantada, a escola de infantil e primeiro e segundo de primaria en Celtigos, a escola unitaria de Vilela de Outeiro de Rei, o colexio público de Friol; despois xa me centrei en educación infantil, estiven no colexio

público Monseivane de Moreda en Vilalba, e finalmente no CPI Ramón Piñeiro 14 anos.

3- Que é o que máis che gustaba da túa profesión? Qué cousas levabas peor?

Gustábame a conexión cos nenos e coas nenas, o que aprendes, esa aprendizaxe que se dá de grupo non só do que reciben directamente do mestre senón que se produce unha aprendizaxe entre todos. Sobre todo, o de traballar con persoas e ver que despois recolles un froito, como van medrando tanto a nivel persoal como a nivel académico.

Non recordo nada que levara especialmente mal.

4- Estiveches moitos anos como mestra no Ramón Piñeiro. Qué valoración fas dese tempo no noso centro? Qué é o que máis botas de menos? Tes algunha anécdota que recordas de xeito especial?

Estiven sempre moi a gusto. Eu viña dun colegio máis pequeno e receaba un pouquiño de como sería ao ser un CPI... Resultou ser todo positivo, porque hai unha vara máis grande de posibilidades, compartes con todos os compañeiros e compañeiras que son mestres de todas as etapas. A min gústame traballar en grupo, de feito o das escolas unitarias recordo que é un traballo no que conectas moito coas familias, cos alumnos, pero é tamén un traballo en soidade; en cambio, a min gustame máis o traballo en colexios por ese equipo, por poder compartir as experiencias e porque aprendes moito dos compañeiros.

5- Ao xubilarte tes moito tempo libre que antes non tiñas. A qué o dedicas?

Teño unha afección, que me relaxaba moito xa cando traballaba, é adicarme ás plantas, tanto as de froita, as de flores... Tamén me gusta viaxar, e sobre todo ler. Foi unha cousa que dende a infancia cultivei porque a primeira escola á que asistín era unha escola unitaria; cando a profesora non podía atendernos individualmente, normalmente dicíame



colle libros da estantería e lee. Entón eu sempre collía libros, incluso algúns dos que non entendía a metade do vocabulario, hai palabras que me quedaron gravadas e que non entendín o significado ata que fun maior, pero eu seguía lendo... Agora adico máis tempo a ler... libros de diferentes temas. De feito agora curiosamente estou lendo un libro *Querote, eu tampouco* que escribiu unha irmá dunha antiga alumna. Isto é o bonito desta profesión, de adicarse o ensino, que un día presentas os primeiros signos, letras, números... ao cabo do tempo resulta que les unha novela dese alumno ou desa alumna e eso é moi gratificante.

6- Se non tiveses oportunidade de traballar coma mestra, a que che houbera gustado dedicarte?

Quizais a algo dedicado ás linguas, xa que sempre me gustou moito, así que supoño que me houbera dedicado a investigación linguística, todo o relacionado cos idiomas, a linguaxe xa que é algo que me atrae moito.

7- Finalmente, poderías darnos algún consello aos nenos/as de este centro?

Que aproveitedes as ocasións que se vos van presentando, que disfrutedes tamén delas porque son vivencias que quedan para o resto da vida. O que se vive nos primeiros anos deixa un pouso durante toda a vida. Aproveitar cada momento e disfrutar, tamén esforzarse porque sen esforzo non se conseguen as cousas.



PUBLICIDADE



MECÁNICA - ELECTRICIDAD - NEUMÁTICOS
CHAPA Y PINTURA - COMPRA VENTA DE VEHÍCULOS

Marqués de Ugena, 45
27600 Sarria, Lugo

982 886 957 - 604 020 794



Entrevista

PABLO E DIEGO REY



Diego e Pablo Rey son dous irmáns de Láncara e antigos alumnos do CPI Ramón Piñeiro non hai demasiados anos. Dende ben pequenos toleaban co fútbol e as súas cualidades permitíronlles facer da súa afección case que a súa profesión, polo menos ata o de agora. É habitual velos pola Pobra, onde teñen moitos amigos cos que compartir parte do seu tempo libre.

1- Sabemos que levades moitos anos xa no mundo do fútbol, poderíades resumirnos un pouco a vosa traxectoria deportiva ata agora?

Pablo: Comecei a xogar o fútbol con 7 anos na Residencia, aos 9 anos cambiei para o Lugo no que estiven ata os 13 anos. O seguinte paso que din foi no Celta de Vigo, estiven 3 temporadas e logo volvíñ o Lugo, equipo no que sigo agora.

Diego: Pois eu xoguei ao principio en varios equipos da cidade ata chegar con 13 anos o CD Lugo; a partir de aí foi cando empecei a tomarme o fútbol máis seriamente, podendo chegar a compartir vestiario do 1º equipo con aínda idade xuvenil na 2º división B. Ao terminar a idade xuvenil comecei a xogar en equipos de 3º división como o CD Estradense, UD Somozas ata chegar a SD Compostela que militaba na 2º división B. Este último ano foi un dos máis difíciles da miña vida deportiva xa que estiven lesionado moito tempo,

pero tras unha longa recuperación logrei xogar ao meu mellor nivel e puiden fichar por un club de 1º división a través do filial da UD Levante; tras un ano en Valencia regresei a UD Somozas; despois pasei novamente pola SD Compostela para acabar no RC Villalbés, equipo no que xogo actualmente.

2- A afección polo fútbol naceu en vós ou xa a tiñades na vosa casa? Sentídesvos sempre apoiados pola familia e amigos nesta andaina polo fútbol? Pablo, ata que punto influíu o teu irmán maior na túa dedicación ao fútbol?

Pablo: Gran parte da culpa de que eu sexa futbolista é de meu pai e meu irmán, dende neno era un apaixonado do fútbol.

Diego: O fútbol sempre estivo presente na miña casa, toda a familia é futbolera especialmente meu pai, que dende que comezamos a xogar non se perdeu ningún partido tanto meu como de meu irmán, incluso viaxando no mesmo día dende Vigo a Asturias para podernos ver os dous, case sempre acompañado de miña nai, de un tío noso moi futbolero e, por suposto, sempre con meu padriño.

3- Non hai demasiados anos que saístes do noso colexio, como recordades esa etapa da vosa vida? Que compañeiros ou profesores recordades con máis cariño?

Pablo: Pois con moitísimo cariño sobre todo aínda que con un pouco de pena xa que antes de acabar a ESO tiven que marchar a Vigo e deixei a moitos amigos e profesores aos que lle teño moito aprecio. Recordo con moito cariño a todos aos meus compañeiros, sobre todo a Rayko xa que hoxe en día segue sendo o meu mellor amigo, e a moitos dos profes como son Miguel, Paco, Carlos, Belén, Carmelo, Soledad, Javier o conserxe etc..

Diego: Os recordos do colexio son magníficos, disfrutei moito de todos os meus compañeiros, fixen amigos para sempre dos que estou moi orgulloso de poder compartir cousas con eles. Respecto aos profesores, a verdade que me acordo de todos, tiven a sorte de ter profesores magníficos, sobre todo no aspecto persoal; cos



que máis afinidade tiña era con Miguel, Carmelo, Belén e Carlos, como non.

4- Nesa etapa no cole, algunha anécdota especial que se poida contar...

Pablo: Pois algunha anécdota... Agora mesmo non recordo pero algunha trasnada pequena si que teño feito jejeje.

Diego: Anécdotas hai moitas, son moitas horas pasadas alí. Gardo gran recordo un día no que estabamos en clase, eu aínda en primaria, e veñen avisarnos que temos que saír para darnos unhas camisetas porque temos que recibir ao equipo de fútbol sala do pobo que acababa de ascender a máxima categoría nacional. Teño un gran recordo de ese día e tiveron a sorte de poder disfrutar situacións parecidas en outros sitios, pero como aquela do equipo do teu pobo, ningunha.

5- Volvendo ao fútbol, en que equipo estivestes máis a gusto e por qué?

Pablo: Estiven moi a gusto en todos os equipos polos que pasei, estar contento e disfrutar é moi importante no fútbol.

Diego: Pois podería dicir varios pero o cariño que me demostraron na SD Compostela foi moi especial e foi no club despois do Lugo no que máis anos estiven; creo que me quedaría con ese aínda que estiven moi a gusto e outros tamén.

6- Entendemos que estaredes xogando ao fútbol uns cantos anos máis. Por onde vos gustaría que foran os vosos pasos?. Que aspiracións deportivas tedes por diante?

Pablo: O seguinte paso que me gustaría sería formar parte do primeiro equipo do Lugo, ser profesional. E as aspiracións deportivas é poder chegar ao máximo xa que non me conformo co que teño e sempre quero ir a máis .

Diego: Para min esa pregunta está un pouco no aire xa que tiveron lesións difíciles e aínda padezco delas, pero se as lesións mo permiten gustárame seguir disfrutando do fútbol modesto e formarme para un futuro. Si no futuro chegan cousas máis importantes estarei preparado, pero dende a tranquilidade e disfrutando do que toque que xa sufrín bastante.

7- Aínda que hoxe esteades ben centrados no deporte sabedes que coma xogadores tedes data de caducidade, que tedes pensado facer tras esta etapa deportiva? Gustaríavos seguir vinculados ao deporte?

Pablo: Gustárame seguir vinculado ao deporte, aínda que sexa como hobbie e poder compaxinalo con outro traballo.

Diego: Pois como ben dis isto dura moi pouco e eu xa me estou formando para poder exercer un traballo no día de mañá. Si me gustaría estar vinculado o deporte e aínda que neste campo é difícil ter traballos estables, si me gustaría de forma complementaria.

8- Tedes experiencia máis que suficiente para coñecer a cara amable e non tan amable do fútbol. Que consello lle dariades aos nenos/as do noso centro que quixeran seguir os vosos pasos?

Pablo: O primeiro de todo é que teñen que seguir estudando xa que se pode compaxinar os estudos coa practica do deporte. Referíndonos ao fútbol aconsellaría que disfrutaran cada adestramento e cada partido coma se fose o último, que traballen ao máximo día a día para dar o mellor de si, e ter por encima de todo o compañeirismo, o respecto e a humildade que é o máis importante para chegar a ser futbolista profesional.

Diego: Pois que o que lles guste o tomen en serio e crean en eles pero sempre divertíndose e gozando do que fan!. E por suposto sempre complementando co máis importante que son os estudos e a formación que realmente será seu futuro.



Entrevista

MARCOS VÁZQUEZ



Marcos é un polifacético veciño de Trasliste que foi, xa hai algún anos, alumno do noso centro educativo. Tralo paso polo antigo Colexio Concepción Arenal da Pobra, estudou en Lugo, primeiro, no instituto Ollos Grandes e, posteriormente, na Universidade onde se converteu en Enxeñeiro Técnico Agrícola e Máster en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio. Traballa no concello de Láncara compatibilizando esta actividade coa de profesor nun centro educativo de Sarria. Actualmente é Presidente do Colexio de Enxeñeiros de Lugo sendo un avezado defensor do rural onde ten na casa familiar una impresionante colección de maquinaria agrícola antiga: e ademais de todo isto aínda lle queda tempo para as súas afeccións!!

1- Por qué te decantaches por estudar enxeñería Agrícola? Tíñalo claro de pequeno?

Si, certamente tíñao moi claro, fun neno rural coma vós e tiven a sorte de poder estudar a 20km da casa a miña paixón que sempre foi a agricultura. Cando era máis pequeno do que sodes vós lémbrome de ir con meus pais nunha furgoneta Citroën de 2cv e vía a xente da antiga Escola de Enxeñería Agrícola na avenida de Madrid facendo

prácticas topográficas, e eu sempre dixen que cando fose grande quería ir para alí.

2- Aínda que traballas no concello sabemos que tamén das clases. Que é o que máis che gusta de cada unha desas ocupacións? Se tiveses que escoller, con cal te quedarías?

Realmente sempre me defino como labrego por que son o titular da casa de labranza da miña familia e sempre o compatibilizo coas outras cousas. A verdade é que todo o que fago me gusta; o ensino gústame moitísimo, sobre todo cando un dá clases a alumnos que atenden porque as veces é difícil motivarvos a certas cousas. Darvos na tecla axeitada non e doado, pero cando esa tecla aparece é como unha bendición. Aos que nos gusta o ensino saber que te están escoitando, é algo moi agradable. Non che me decanto por unha en concreto.

3- Que recordos tes do teu paso por este colexio?. Recordas algún profesor de xeito especial?

Todo o que recordo de aquí é bo, Paco o profesor de música era o meu ídolo, porque me daba clase de mates, música e galego. El foi o que antes do grupo Carrapucheiros eu lembro que tiña que estar moi farto de nós e andabamos detrás de el para que nos escoitara como tocabamos as pezas; era unha persecución constante pero el levábao ben. Tamén recordo con moito agarimo a Don Jaime, que era director do colexio. Naquel intre que eramos 700 rapaces e rapazas

4- Sabemos do teu gusto pola música, cando espertou esta afección? Gustaríache que o teu fillo seguise os teus pasos nesta afección?

Pois eu penso que sempre me gustou cantar, crieime dous anos nunha parroquia do Corgo ca miña avoa e levábame a misa e sempre me ensinaba cancións de misa. Estaba con ela e cantaba ben e despois, un ano, cando tiña seis

ou sete anos, os reis magos trouxéronme unha fruta doce, lémbrome dela perfectamente. Aí empecei a tocar e un día meu pai díxolle a Don Jaime: "o pequeno toca ben, ten cualidades musicais me parece... Tiñas que escoitalo". Aínda que Don Jaime non era profesor de música senon director, pero bueno, antes as cousas facíanse así. E toqueille unha peza e díxome: "para o grupo de gaitas". Coido que foi un defecto non haber estudado música en profundidade por que eu son gaiteiro, pero son gaiteiro de oído, e a formación é fundamental e a nivel musical aínda máis; agora ben, aínda que non estudei música, recoñezo que o nivel que acadei no centro foi moi axeitado.

5- Contáronnos que es un bo gaiteiro, como te iniciaches nese instrumento? Resultouche moi complicada a súa aprendizaxe?

Aínda que non son un profesional da música considérome un bo gaiteiro, digo con humildade; esa autoestima de considerarme un bo gaiteiro conseguírono neste centro. Lembro que cando aprendín a tocar a muiñeira de Chantada que era a peza máis difícil, e dixeran: pois agora si que debo de ser un bo gaiteiro. E axudoume moitísimo Paco, que nos examinaba de cada canción ou de facer as escalas a medida que íamos aprendendo unha canción e, se a facías ben, podías aprender a seguinte canción.

6- Tamén nos contaron que nunha ocasión nun Festival de Nadal en Sarria e co aforo cheo tiveches que facer de director do grupo que representaba ao noso centro educativo, co,mo viviches aquilo?

Pois xa vos podedes imaxinar, aínda que non me lembro moito. Do que si me lembro era de que os



deste centro eramos os mellores con diferenza pero o mundo local xa sabedes como vai e había centros de Sarria con moita máis potencia aparentemente cá nós e claro, ir alí os de Láncara, un pobo que daquela aínda había máis diferenza e ganarlles os de Sarria, coidado... entonces déronos o segundo premio, e fómoslle protestar pero non conseguimos nada.

7- Como tamén te dedicas ao ensino gustaríanos saber se aplicas algo nas túas clases do que observaches ou aprendiches dos profesores que tiveches neste centro educativo.

Isto lembrádeo para sempre: cando tedes un bo profesor, tedes o mellor tesouro que vos pode suceder, porque o ides lembrar toda a vida. Todas son anécdotas pero por lembrar algunha Dona Dolores, unha profesora que xa faleceu, que daba ciencias naturais, era súper súper esixente pero, cada vez que no instituto ou na carreira m acordaba dela e era para ben, porque ensinábanos cousas que non se nos esqueceron nunca; era unha profesora que impoñía moito respecto. Ela entraba na clase e non se movía ninguén, e había xente co seu xenio e complicada, pero ela era unha gran profesora.



8- Din os teus veciños que a túa gran afección son os tractores, que nos podes contar disto?

Eu creo que a todos os nenos e nenas labregos o tema do tractor (deberíase estudar a nivel sociolóxico) nos gusta. Eu lembro que de pequeniño o maior regalo era que meu pai me trouxera á feira da Pobra vender os ranchos ou calquera outra cousa no tractor, e mira que tiñamos; un tractor que eu lembro de ir sentado nunha chapa que tiña alí de lado e unha vez chegando aquí a Pobra traía unha perna toda mollada e despois tiña que ir ao colexio, meu pai deixoume ir pero miña nai rifoume moito. O nacer no rural nun momento e nun lugar márcate, eu sempre o digo como algo tremendamente positivo; pensade, por exemplo que unha cousa tan simple como e cravar unha punta pode marcar a diferenza na túa vida. O que sabe cravar unha punta, crava sen darse un golpe e o que non sabe cravala pode

darse moi facilmente un golpe no dedo. E o tema da afección a maquinaria ábreche moitísimo campos para o resto da vida. Eu lembro que cando compramos un tractor novo lin o manual de instrucións, que era un manual gordo de 80 páxinas. Aprendín a facerlle o mantemento.

9- Contáronos que tes pensado montar un museo de tractores...

Eu sempre perseverarei nesa afección polos tractores, de feito a miña especialidade na Enxeñería Técnica é a Mecanización Agraria e construción rural, e a miña afección sempre foi polos tractores. Cando saíron eses plans de estudos, dixeron: mira, é xustamente o que eu quero. E despois cando rematei a carreira e tiña o meu propio dixeron: en vez de reparar un coche clásico, como son así do rural, preparo un tractor antigo; e ao restaurar un tractor, resulta que outra persoa regaloume un tractor, un Barreiros. Fun a feira con eles a Silleda e había un señor que me viu e ao telos tan restaurados, dixo que me daba a min o tractor. E con ese xa era o terceiro; entonces empezoume a traballar a cabeza de facer un museo e o museo está feito na propia casa de labranza da miña familia e temos moita ilusión con el porque é un museo vivo e integrado. Vivo por que todas as pezas funcionan e integrado porque está integrado nunha casa de labranza.

PUBLICIDADE

MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN

J. SALVADOR BANDE RIVAS

PUEBLA DE S. JULIAN


27360 LÁNCARA (LUGO)

Tlf.: 982-543345

C.I.F.: 33834608K

Entrevista

A RITA



O pasado 18 de marzo xubilouse Rita.

Rita foi profesora neste Centro dende hai máis de 20 anos. Durante algún deles ensinando Inglés e máis tarde, como titora en Primaria. Durante oito anos exerceu como directora.

1- Por que te xubilas?

Porque cumpro 60 anos e os profes podemos xubilarnos a esa idade se temos os anos de servizo.

2-Canto tempo levas sendo profe?

37 anos e uns meses

3- Canto tempo levas neste colexio?

Aquí, eu creo que ... uns 24 anos

4- En que outros coles estiveches?

O primeiro en Vilalba, despois no Chan de Pousadoiro e no Incio. Cando cheguei aquí levaba traballado en sete escolas.

5- Traballaches nalgunha escola unitaria?

Unitaria propiamente non, pero estiven en Córneas, onde agrupaban a 6º, 7º e

8º de EXB nunha aula. Noutra 3º, 4º e 5º e noutra os máis pequeniños. Era unha mestura entre escola unitaria e colexio. En total había 15 nenos. Era complexo pero os máis pequenos, de escoitar ós maiores, ían aprendendo moitas cousas.

6- Cales son os teus estudos?

Estudei Maxisterio e despois a Licenciatura en Galego-Portugués. Tamén estudei Inglés na Escola de Idiomas.

7- Custouche moito sacalos?

Non moito. Sempre me gustou estudar, para min era un reto. O peor foi sacar a licenciatura porque estaba traballando e tiña que ir a Santiago a facer os exames.

8- Aprobaches a oposición á primeira?

Non á segunda.

9- Como cambiou a educación dende o teu comezo como profesora?

Cambiou en algunhas cousas. No que énsinar as base para os estudos posteriores non cambiou, pero sí cambiou a metodoloxía. Antes non había ordenadores, os medios eran máis limitados, había menos apoios nas aulas. Agora as novas tecnoloxías axudan moito e fan a educación





máis entretida e asequible. O que hai que facer é seleccionar porque a cantidade de información é inmensa; antes había que ampliar.

10- Prefires dar clase na ESO ou en Primaria?

Eu estou contenta nos últimos cursos de Primaria, os alumnos teñen curiosidade e interese. Cos máis pequenos hai que ter moita paciencia e eu agora teño menos. Na ESO os alumnos son máis maduros, pero eu estou contenta en Primaria.

11- Arrepentícheste algunha vez de ser profe?

Nunca. Volvería a escoller esta profesión.

12- Que che gustaría ter sido se non foses profe?

Algo relacionado coas persoas, quizáis Relacións

Públicas, Dereito. Nada da rama sanitaria ou tecnolóxica.

13- Que recordos te levas?


De aquí todos bos, de ter un ambiente familiar, de axudarnos entre todos, os alumnos moi cercanos.. Se non estivese a gusto, xa me tería ido hai tempo.

14- Que tés pensado facer na túa xubilación?

Moitos plans: viaxar, porque me gusta e agora vai ser máis doado. Gustaríame ver culturas diferentes, India, Sudamérica... Teño un horto no que traballarei e tamén cuidarei das miñas netas.

15- Que frase nos dixas para a despedida?

A vida só se vive unha vez e hai que aproveitar as oportunidades que che da cada día.



PUBLICIDADE

Regalos

Alba

Regalos


Alba

Regalos

Alba

Benigno Quiroga, 69 - Bajo · A Pobra de San Xiao
Telf.: 650 25 75 74

PASAREMOS O TEMPO



PASATEMPOS


Alumnos e alumnas de 5º e 6º de Primaria

SOPA DE LETRAS DE ANIMAIS




- ÁGUIA
- BALEA
- CABALO
- CAN
- GATA
- GOLFIÑO
- PATO
- PORCOS
- SURICATO
- VACA
- XOANIÑA

ATOPA A SAÍDA...



BUSCA AS 10 DIFERENZAS




ADIVIÑA QUÉN SON...



Dirección da revista.

Rapaces e rapazas de Primaria


De quen son estes ollos?





.....



.....





PUBLICIDADE



Limpeza de Coches y Recambios

Garaxe do Pequeno


C/ Benigno Quiroga, 75 -77
27360 - Puebla de San Xulián - (LUGO)
Tel. 659 25 36 12



- * Lavado a Mano
- * Limpeza de Tapicerías
- * Repuestos



(Filtros, Aceites, Bombillas)

MECÁNICA Y ELECTRICIDAD





.....

.....




.....

.....




.....

.....




Alumnos e alumnas da ESO


De quen son estes ollos?




.....



.....



.....



.....

PUBLICIDADE




MESON
DON
COSME

Mesón Don Cosme

Julio Sobrado Carreiras
Clara López Amcizeiras

C/ Rosalía de Castro, 2
Puebla de San Julián - Lugo

Tel. 630 828 454



PUBLICIDADE

SARRIA CANAL
 Delegación de Sarria
 Avenida José Antonio, 35
 T. 685 840 310

CANALONES A MEDIDA
 FINANCIAMOS TU INSTALACION

BALSAS GEOMEMBRANA (PURIN O AGUA)

LIMPIEZA DE TEJADOS

DISTRIBUIDOR OFICIAL
CANALUM


COMERCIAL RIVAS

Ferretería - Fontanería
 Agro - Ganadero
 Menaje - Pintura

PUEBLA DE SAN JULIÁN
 685 840 310




.....



.....



.....



.....

PUBLICIDADE



AUTOMÓVILES MONTES

JOSÉ LUIS MONTES PÉREZ
GERENTE

AUTOMÓVILES NACIONALES E IMPORTACIÓN
ACCESORIOS DEPORTIVOS Y COMPETICIÓN
SERVICIO POST VENTA - SEGUROS

Avda. Valdriz, n.º 32
27360 Puebla de San Julián (Lugo)
Telf. 982 54 31 17
tmontes5@gmail.com

**CONTAREMOS
VIAXES
INESQUECIBLES**



LONDRES 2019

Dirección da revista.

O pasado día 10 de marzo, emprendemos unha nova viaxe cara a Londres. Reunímonos ás 14:30 horas no colexio os alumnos/as de 2º, 3º e 4º da ESO para emprender unha viaxe que co paso da semana se convertería nunha das mellores experiencias das nosas vidas.

Chegamos ao aeroporto de A Coruña, algúns máis nerviosos que outros, xa que para algúns de nós sería a primeira vez que montaríamos en avión.

As 8:25 (hora londinense) chegamos ao aeroporto de Heathrow o mais grande e coñecido en Londres; alí esparábanos un guía, un dos que nos acompañaría durante a nosa estancia na capital londinense.

Cris, o guía, acompañounos ata o punto de quedada, donde nos esperaban as familias que nos acollerían nos vindeiros días.

Cando nos reunimos coas familias decatámonos da cultura tan diferente que teñen con respecto a nós; a súa comida e a súa forma de vivir en xeral.

Na nosa estancia alí tivemos que aprender a convivir con xente que non coñecíamos e adaptarnos aos seus costumes e a súa forma de vivir.

As nosas xornadas en Londres eran moi divertidas e daban para moito!

Tiñamos un *"meeting point"*, onde nos esperaríamos uns aos outros todos os días.

Polas mañás visitabamos cada día un cachíño da cidade acompañados polos nosos guías, comiamos o *"pack lunch"* que nos preparaban as familias e iamos tres horas a clase pola tarde; nela, tíñannos divididos en dous grupos, as noites acompañábanos os profes a casa e... ata o día seguinte que nos levantamos para comezar a nosa rutina de Londres!







VIAXE TOLEDO-MADRID

Dirección da revista.

O día 24 de abril os alumnos de terceiro e cuarto da ESO, chegamos ao colexio coas maletas, ilusionados pola viaxe que iamos emprender. Puxémonos en marcha cara a Toledo, e tras varias horas de autobús chegamos ao hotel. Pola noite fixemos unha visita guiada e teatralizada polas máxicas e misteriosas rúas da cidade.

Ao día seguinte visitamos novamente Toledo, pero esta vez nun tren turístico dende o que podemos contemplar as preciosas vistas dunha cidade chea de historia. Logo disto emprendemos o camiño cara a Madrid. Paseamos e empapámonos pola Gran Vía.

Fomos ver o musical Billi Eliot, do que case todos saímos encantados.

O día seguinte espertamos moi apesados xa que era o día que finalizaba a marabillosa viaxe na que estabamos pasando tan ben. Antes de iniciar o regreso, pola mañá, fomos dar un paseo ata as Rozas Village, unha gran zona de compras.

Finalmente iniciamos o regreso cara a Lugo, moi contentos polo ben que o pasamos; chegamos a casa cunha chea de anécdotas divertidas e emotivas para contar...





PROXECTO RÍOS

Dirección da revista.

Un ano máis os alumnos de 4º ESO saíron de excursión cara o río Neira acompañados pola profesora de Bioloxía e por Ramses, para valorar a calidade da auga e a salubridade en xeral do río. E un ano máis constatamos que temos un río ben saudable: que sorte poder gozar cada día dun entorno natural coma o de Láncara. Entre tod@s temos que comprometernos a coidalo!!!



VISTAMOS MARCELLE

Dirección da revista.

A finais do mes de maio os nenos e nenas de Infantil pasaron a todo o día en Marcelle. Que ben o pasaron !!



RUTA DE SENDEIRISMO POR LÁNCARA

Dirección da revista.

O 31 de maio os alumnos/as de 2º e 4º de ESO do CPI Ramón Piñeiro xunto cos de 4º ESO do CPI de Castroverde, realizaron unha ruta de sendeirismo por Láncara. A saída situouse na Igrexa de Bande (pequena igrexa románica de metade do século XII); os rapaces e rapazas acompañados por 6 profesores da Pobra e Castroverde baixaron cara as Agrolazas para ir polo Camiño Real ata a Ponte de Carracedo (aínda que a orixe se cre que é romana, a estrutura con catro arcos de medio punto de sillería granítica é medieval) que hai varios séculos funcionaba coma punto de encontro para o correo cara a Castela. Dende este precioso monumento no que se inspira o logo do noso centro educativo camiñamos polo val de Láncara cara a área recreativa, onde finalmente xantamos un picnic. Unha gran xornada cun tempo estupendo!!





PULEVA E O MUNDO DAS FORMIGAS

Dirección da revista.

Os alumnos/as de 1º e 2º de Primaria visitaron a finais do mes de maio a fábrica de Puleva onde foron recibidos pola mascota MAX. Despois viaxaron ao mundo das formigas que nos acolleron no seu bosque encantado. Que divertido!!





PUBLICIDADE

FERRETERÍA
CAPÓN
Telf. 982 54 30 12
Calle Valdriz, 25 Pobra de San Xiao, Lugo

**RECORDAREMOS
O FESTEIROS
QUE SOMOS**



MAGOSTO 2018

Dirección da revista.

O 31 de outubro celebramos un ano máis o Magosto no noso cole. Nesta xornada puidemos participar en diferentes actividades: os máis maiores organizaron diferentes xogos tradicionais como o tiro da corda, carreiras de sacos, a chave e as carreiras de relevos, que non poden faltar nos nosos magostos. E por suposto tamén tivemos os concursos do castaño e das cestas do outono!!



PUBLICIDADE

Café-Bar
CON·VERO

c/ Benigno Quiroga
nº 42
pobra de San Julian
Lugo

NADAL

Dirección da revista.

O 21 de decembro celebramos no cole o tan esperado Festival de Nadal. No salón de actos, os rapaces e rapaces foron os encargados de animar o ambiente e entreter a todas as familias que acudiron para ver as nosas actuacións. E como non, un ano máis quedaron abraiados co noso talento: bailamos ao ritmo da música, cantamos panxoliñas, recitamos poesías e unha morea de cousa máis...







FESTIVAL NADAL 2018

O vindeiro venres 21 de decembro celebraremos o tradicional FESTIVAL DE NADAL que con tanto agardado preparan profesores/as alumnos/as durante semanas. O programa de actuacións que presentamos a continuación será presentado este ano por Jenniffer, María e Lucía de 4º ESO, e levarase a cabo no salón de actos do centro a partir das 12:15 horas:

- 1º e 4º de PRIMARIA - Teatro de sombras: "O amor sen barreiras",
- ED. INFANTIL - Canción "Árbol de Navidad",
- 1º e 2º PRIMARIA - Estrofas de Nadal,
- 1º ESO - Obra vocal: "Color esperanza", Diego Torres,
- 3º PRIMARIA - Representación teatral "Xuízo aos deberes",
- 2º ESO - Obra vocal: "La puerta violeta", Rozalén,
- 4º PRIMARIA - Canción "El rock de la cárcel (Elvis Presley),
- PRIMARIA - "Deja de roncar abuelo", Alumnas/as de Religión,
- 3º ESO - Obra instrumental "Sofía" (Álvaro Soler), Obra vocal "Hecho con tus sueños" (Famambolista),
- 4º ESO - "Las aventuras de Pepe", José Luis e Ignacio,
- 4º ESO - Obra instrumental: "Symphony de Clean Bandit", Obra vocal - Mashup de música actual,
- CORO DE PROFESORES: Obra vocal: "Más allá" (Gloria Estefan).

INVÍTASE A TODOS OS MEMBROS DA NOSA COMUNIDADE EDUCATIVA A ASISTIR A ESTE ACTO.





ENTROIDO

Nenos e nenas de 3 anos.


O 1 de marzo celebramos o Entroido no CPI Ramón Piñeiro de Láncara. A media mañá realizamos un gran desfile polas rúas da vila, e para finalizar a xornada tivemos un concurso de disfraces no patio no que participaron case todos os alumnos/as do centro.

Foi un gran día cheo de emoción e diversión!











PUBLICIDADE

ROCIO GONZÁLEZ ARIAS

Fisioterapeuta Coj. 2325

Av. Benigno Quiroga Nº71 bajo

Puebla de San Julián 27360 Lãncara

Cita previa:

- 982040000

- 658200134

garia.fisioterapia@gmail.com



Fisioterapia Traumatólógica, Reumatológica, Neurológica

Terapia miofascial

Terapia Manual-Osteopática

Fisioterapia en el cólico del lactante

Fisioterapia respiratoria infantil

Fisioterapia ginecológica:

- Incontinencia urinaria.

- Preparación al parto y recuperación posparto.

Pilates terapéutico.

SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

Dirección da revista.

Cada curso o noso centro dedica varios días a resaltar e dar valor a nosa cultura en todas as súas expresións: é o tempo “do noso”.

O xoves día 9 os alumnos da ESO asistimos a unha charla coloquio con tres exdeputados do Parlamento Galego que nos explicaron coma funciona o noso sistema político, e máis en concreto, coma funciona o Parlamento Galego.

O martes día 14 o contacontos Anxo Moure tróuxonos “contos solidarios”, aos que asistiron dende aos máis pequenos ata aos mais maiores do centro.

O día seguinte, o mércores, os de primaria tiveron un obradoiro de cestería, e cada un puido levar para a casa a súa propia cesta !!. Ao tempo, ese mesmo mércores os da ESO asistimos no salón de actos ao espectáculo de dúas poetisas galegas que entre outras cousas presentaron este ano os Premios da Música “Martín Codax”: ALDAOLADO.

E para rematar, o xoves tivemos o Gran Festival das Letras Galegas, no cal os alumnos/as mostraron ao numeroso público todas as representacións que con tanto agarimo prepararon durante semanas.





LETRAS GALEGAS 2019

Nos próximos días celebraremos no CPI RAMÓN PRADERO a xornada das LETRAS GALEGAS na que tentamos de reunir a nosa cultura e os valores que nos unen como galegos. Son anos emocionantes os escritos do escritor, historiador, antropólogo e etnógrafo ANTONIO FRAGUAS nado no poboado de Porevella (Coruña) no seo dunha familia labrega, licenciado na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago de Compostela. Casa home político que foi escrivir varios libros, colaborar con xornais, estar afiliado á Irmandade do Falo e ao Partido Galeguista, formar parte da Real Academia de Lingua Galega, etc.

Nesta semana cultural no CPI RAMÓN PRADERO iremos o seguinte programa de actividades:

XOVES 9 de Maio

- CHARLA-CONVOCIO COS DEPUTADOS DO PARLAMENTO DE GALICIA MANUELA LÓPEZ BUSTEIRO, ISMAEL REGO GONZÁLEZ E M^a XOSÉ YEIGA BURXAN, que darán a coñecer aos estudantes o traballo que se desenvolve no Parlamento de Galicia.

Acomodado do ESO - 15:00 horas - Salón de actos

MARTES 14 de Maio

- ANKO MOURE xunto CONTOIS SOLIDARIOS, un proxecto cultural, medioambiental e de solidariedade, promovido por este colectivo galego, que, desde o ano 1989, percorre os terreos de Galicia, Asturias, Portugal, O Bierzo..., contando historias solidarias cos terreos e coas persoas que a habitan.

EDUCACIÓN INFANTE E 1^a E 2^a PRIMARIA - 10:30-11:30 horas - Hall Infantil
 Acomodado ESO - 11:30-12:00 horas - Corredor do ESO
 3^a, 4^a, 5^a e 6^a EDUCACIÓN PRIMARIA - 12:00-13:00 horas - Hall Primaria 1^a planta

MÉRCORES 16 de Maio

- TALLER de CESTERÍA con María Otero Felgueta.
 - 1^a e 2^a Primaria - 10:30-11:30 horas - Biblioteca
 - 3^a e 4^a Primaria - 11:30-12:30 horas - Biblioteca
 - 5^a e 6^a Primaria - 12:30-13:30 horas - Biblioteca
- ESPECTÁCULO de ALDABALADO: obra poética-musical, composta por Lucía Aldas e María Lado. Realiza unha mestura de poesía con humor e música, con carácter interactiva.

Acomodado do ESO - 11:00 -12:00 horas - Salón de actos

XOVES 16 de Maio

- FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS, 12:05 - 14:00 horas. Salón de actos.
 - ED. INFANTES - "Mulleres das estrelas".
 - 1^a e 2^a PRIMARIA - Refrains e cancións.
 - 3^a ESO - Obra social e instrumental "A sala da Costeira" (canción popular).
 - 2^a PRIMARIA - Representación teatral "Escudo na consulta do anegado".
 - 2^a ESO - Obra instrumental "O son do Ar" (Luar na Lubra).
 - 4^a PRIMARIA - Canción de autores.
 - 3^a ESO - Obra instrumental "Raxas" (Canción Cabaleira). Obra social "Stress" (Taburetes).
 - 3^a e 4^a PRIMARIA - Baile Mulleres.
 - 4^a ESO - Obra instrumental "Canto vellos marxeiros". Obra social "De repente todo é VMB".

Cantadas para todos os alumnos/as e profesores/as das diferentes etapas educativas (14-15 - 15:00 h.)

INVITAR A TODOS OS MEMBROS DA COMARCA DE EDUCATIVA A ASISTIR, AD TRADICIONAL FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS O PRIMEIRO XOVES 16 DE MAIO NO SALÓN DE ACTOS DO CENTRO.



O DÍA PAZ NO COLE

Dirección revista.

O día 30 de xaneiro é o Día da Paz e nos tamén o quixemos celebrar no cole. Reunímonos no campo de fútbol e cantamos unha canción todos xuntos. A continuación os alumnos de infantil e primaria recitaron unhas frases relacionadas con este día e coa tan necesaria PAZ no mundo.



DÍA DA MULLER 2019

Dirección revista.

O día 8 de marzo fixemos no noso cole un pequeno acto para festexar o Día da muller: xuntos pedimos que todos poidamos ser iguais e ter os mesmos dereitos.


Alguns alumnos/as leron unhas liñas na entrada do colexio para reivindicar o labor das mulleres na sociedade, e outros compañeiros realizaron algúns traballos que expuxemos xuntos.



VIOLENCIA DE XÉNERO 2019

Dirección revista.

O día 2 de febreiro no noso centro fixemos actividades contra a violencia de xénero a favor da igualdade; algúns alumnos leron unhas liñas reivindicativas no campo de fútbol e ao final, todos xuntos, bailamos ao son da canción "Déjala que baile" de Alejandro Sanz.



PUBLICIDADE

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN Y CONSTRUCCIONES

VILLAFIZ

MATERIALES EN GENERAL

- ✓ Cocinas de Leña
- ✓ Sanitarios "Roca"
- ✓ Griferías y Accesorios de Baño
- ✓ Muebles de Baño
- ✓ Mamparos
- ✓ Plaqueta, Azulejos de Gres y Porcelánico
- ✓ Portes y Camión con Grúa

CONSTRUCCIONES DE OBRA NUEVA Y REFORMAS EN GENERAL

- ✓ Colocación de Piedra del País y Taco
- ✓ Cierres de Piedra
- ✓ Chorreo de Fachadas de Piedra con Agua o Arena
- ✓ Encintado de Piedra con Morteros Especiales
- ✓ Proyección de Morteros y Monocapa
- ✓ Presupuesto "Llave en Mano"

materialesvillafiz@gmail.com

Avda. Valdriz, n.º 62 - PUEBLA DE SAN JULIÁN - LANCARA

Teléfono 982 543 460 - Móvil 609 245 751 / 609 967 668



PUBLICIDADE



MueblesCaloto

Fábrica & Exposición

San Ciprián - CERVO

Lg O Castelo
27888 San Ciprián
LUGO

982 594 142

Central

Ctra de Orense, 7
2760 Puebla de San Julián
LUGO

982 543 000

Juvenil

Ctra de Orense, 9
27360 Puebla de San Julián
LUGO

982 543 087

www.mueblescaloto.com

**E POR SUPOSTO,
DESPEDIREMOS
AOS COMPIS DE
4º ESO**



CPI RAMÓN LÁZARO

PROMOCIÓN



Dña. Mercedes Vila



D. Paco Seoane



Dña. Angeles Pereira



D. Jorge Rodríguez



Dña. Angeles Lopez



**ANA
ÁLVAREZ LIZ**



**IAGO
ARZA SANTIAGO**



**PABLO
BESTEIRO MONTERO**



**IKER
FERNÁNDEZ CELEIRO**



**NOA
FERNÁNDEZ PARADA**



**ÁNGELA
FONTELA PARAJUÁ**



**MARÍA
MONTES CUBA**



**LAURA
MOREIRA REY**



**JO
PEREIRA**

ON PIÑEIRO

LÁNCARA

4º ESO - 2018/19



CPJ Ramón Piñeiro
Láncara



D. Carlos Carballo Dña. Pilar López D. José A. Domínguez Dña. Belén Quintán D. Miguel Flores



MARTA
CHOUSA LÓPEZ



ISMAEL
DÍAZ LÓPEZ



JENNIFER
DÍAZ PÉREZ



LUCÍA
GAY CORNIDE



JUAN
LÓPEZ ARIAS



JAVIER
LÓPEZ LÓPEZ



JOSÉ LUIS
PIÑERO LÓPEZ




UXÍA
PÉREZ LÓPEZ




JOSÉ IGNACIO
PLAZABALBOA


















PUBLICIDADE

Funeraria
MOSTEIRO
Tanatorio

Tel. y Fax 982 54 30 28
Móvil 630 99 21 89 - 619 21 80 82

Avda. Benigno Quiroga, 14
PUEBLA DE SAN JULIAN (Lugo)



Tel. y Fax 982 54 30 28
Móvil 630 99 21 89 - 619 21 80 82

Avda. Benigno Quiroga, 14
PUEBLA DE SAN JULIAN (Lugo)





COORDINACIÓN XERAL

Dirección do CPI Ramón Piñeiro

DIRECCIÓN DA REVISTA

Carla, Iria, Paula, Brian, Luis e Nuria de 3º ESO

COORDINADORES REDACCIÓN

Carla, Iria, Paula, Luis e Nuria

PORTADA E CONTRAPORTADA

Dirección do centro

SUBVENCIONES, PUBLICIDADE E PATROCINIO

Luis, Iván e Alejandro Fernández

FOTOGRAFÍA

Dirección do centro

ENTREVISTAS

Carla, Paula, Luis e Nuria

Coa imprescindible colaboración de alumnos/as mestres/as e profesores/as do noso centro educativo e o importante apoio dos nosos patrocinadores.

GRAZAS A TODOS!!

POEMA DE TODOS (TODOS OS MEDOS)

Teño medo
Cando non hai ninguén no meu fogar
A quedarme sen chocolate
Á guerra
Á morte
A xogar ás agachadas e que non me atopen
A ter mala sorte
Á xente banal
A non atopar o que hai tempo buscaba
A non ser feliz
A perder as ganas de vivir
A non soñar nunca
A que os meus soños non sexan meus.
A mirar e non ver.
Teño medo a non querer
A querer e non poder
A logralo, mais non querer...
A ler un libro sen final
A pechar os ollos e non espertar xamais
A que ninguén me entenda
A esquecer todos os meus recordos
A que outros pensen por min
A que os camiños que collo conduzan a ningures
A que ninguén me recorde
A esquecer que teño medo
A que se o meu corazón busca un refuxio
Non haxa ninguén no meu fogar.

Poema colectivo dos alumnos e alumnas de 4º ESO

www.edu.xunta.gal/centros/cpiramonpineirolancara

www.facebook.com/cpiramonpineiro/?modal=admin_todo_tour



CPD Ramón Piñeiro Láncara



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL**

